


## BANCO DE PREGUNTAS

### Para que serve?

O banco de preguntas utilízase para crear ou editar preguntas que se organizan en categorías para facilitar o seu emprego no curso. Estas preguntas poden incluírse en calquera cuestionario (ou proba) do propio curso.

O/A profesor/a accede directamente ao banco de preguntas cando crea ou edita un cuestionario (unha proba) ou tamén dende o bloque Administración, no seguinte menú Administración do curso -> Banco da pregunta.

Dende esta ligazón do menú podemos editar as preguntas xa creadas, organizar as preguntas en categorías, importalas e exportalas.



### Como se crea?

Cando se pulsa sobre a ligazón do menú despréganse as seguintes opcións:

- Preguntas. Mostra o listado das preguntas creadas actualmente.
- Categorías: Permite ver as categorías creadas e crear novas categorías.
- Importar: Esta función permite importar preguntas nunha variedade de formatos mediante un ficheiro de datos. O ficheiro debe de usar a codificación UTF-8.
- Exportar: Esta función permite a exportación dunha categoría completa (e calquera subcategoría) de preguntas a un ficheiro. Dependendo do formato de ficheiro seleccionado, algúns datos de preguntas e certos tipos de preguntas pode ser que non se exporten.




Cada unha das preguntas do banco de preguntas inclúe catro iconas que permiten editar, duplicar, previsualizar ou eliminar a pregunta. As preguntas que están sendo usadas nalgunha actividade non poden ser eliminadas.

A icona editar permite editar a pregunta mediante o mesmo formulario usado para creala.

Cando se preme a icona duplicar permite duplicar (con ou sen modificacións) a pregunta.

Cando se preme sobre a icona vista previa ábrese unha nova xanela de previsualización que permite comprobar o funcionamento da pregunta.

Se prememos sobre a icona eliminar podemos eliminar esa pregunta, sempre e cando non estea sendo usada nalguna das actividades do curso.



Podemos marcar unha ou varias preguntas e, nos botóns inferiores, eliminalas ou movelas a outra categoría, seleccionándoa no desplegable.

Se pulsamos o botón Crear unha nova pregunta ábrese unha nova ventá na que deberemos seleccionar o tipo de pregunta que queremos crear.

Cando escollemos un determinado tipo de pregunta (coincidentes, emparellamento, numérica, verdadeiro ou falso...) abranse os formularios correspondentes para a configuración dos distintos tipos de pregunta.

